Solicitude de axudas económicas para o alumnado que realizou o período de FCT	Colaboran no proceso: <ul style="list-style-type: none"> -Coordinador de FCT. -Profesorado titor de FCT. -Administrativa (Secretaría). -Equipo directivo (secretaría e director). 	

Plan de visitas e seguimento da FCT	<p>O profesorado titor de cada ciclo formativo establecerá as comunicacións que estime oportuno coa persoa designada pola empresa e preverá un calendario de visitas ao centro de traballo, para manter as entrevistas co responsable do centro produtivo, observar directamente as actividades que o alumnado realiza e rexistrar o seu propio seguimento. A normativa indica un mínimo de 2 visitas, pero é aconsellable algunha máis.</p> <p>O alumno será recibido no centro docente cada 15 días pola titora ou titor para expoñerlle as accións desenvolvidas na empresa, analizar o seguimento da súa FCT e cumprimentar o caderno de seguimento.</p>
Accións de divulgación do programa formativo e captación de novas empresas	<p>O profesorado titor dará a coñecer ao alumnado as empresas que xa teñen subscrito convenio co centro para a realización da FCT.</p> <p>Así mesmo, informarán sobre as características, áreas e departamentos de cada centro de traballo polos que rotará o alumnado, coa temporalización correspondente.</p> <p>Pediráselle ao alumnado e ao profesorado que compón o equipo docente de cada ciclo ou departamento que suxiran novas empresas nas que se poidan conseguir as competencias sinaladas no perfil de cada título.</p> <p>Considérase importante conseguir o maior número de empresas colaboradoras, porque facilita a busca de emprego polo alumnado.</p>
Elaboración dos programas formativos	<p>Os programas formativos do módulo de FCT de cada ciclo formativo serán confeccionados polo profesorado titor, que poderá contar co parecer do equipo docente do ciclo e do coordinador de FCT.</p> <p>Consisten no conxunto de actividades formativo-productivo ordenadas que debe realizar o alumnado durante a FCT. Estas actividades serán as inspiradas polas unidades de competencia do perfil do título de cada ciclo.</p> <p>Cada titora ou titor de ciclo elaborará un programa formativo axeitado a cada empresa na que o alumnado vaia realizar a FCT (centros de traballo distintos poden requirir programas formativos diferentes).</p> <p>As titoras e titores de cada ciclo, coa axuda do equipo docente do ciclo e do coordinador de FCT, determinarán se o posto formativo ofertado por cada centro de traballo é suficiente para conseguir todas as capacidades terminais da FCT ou ben require o complemento de outros.</p>

10. Orzamento do centro.

Foi aprobado polo consello escolar e enviado á Xefatura Territorial con data 19-4-2023.

11. PE: Modificacións/observacións de que segue vixente.

21

O Proxecto Educativo do centro foi elaborado no curso 2012-2013, sendo aprobado polo Consello Escolar o 10-4-2013.

Fixéronse varias actualizacións. A última o pasado 16-2-2022. Na actualidade está vixente.

Enviase un arquivo adxunto titulado
Proxecto educativo.pdf

12. Programas e plans anuais de lectura

ACTIVIDADES PREVISTAS:

Escenario 1 – Presencial e Mixto

- 1. Verbas: Elixiremos palabras relacionadas con valores e circunstancias que queremos analizar e que aparezan na nosa selección lectora. A partir destas faremos un concurso de microrrelatos, de ser posible, acompañarase cada palabra dunha ilustración ou dunha fotografía que os represente e este curso a entrega de premios posiblemente a realice Rocio Leira.**
- 2. Lemos por e para vós. Coa finalidade de achegar a lectura a todas as persoas retomaremos a sección de audiolibros co uso da radio, gravando nas distintas linguas que conviven no noso centro: francés, galego, castelán e inglés.**
- 3. A biblioteca o noso/voso espazo.** Entre todos e todas seguiremoslle dando luz, cor e confortabilidade. Este curso seguimos gozando do noso espazo e agardamos as suxestións dos nosos lectores e das nosas lectoras. Achegarémola xunto cos seus recursos ao novo alumnado e aumentaremos os seus fondos. Ademais, iremos cambiando a súa decoración en función da época do ano e da temática que se estea a traballar mensualmente dende a biblioteca.

4. **Radio RAS** volverá a emitir durante os períodos de lecer e os nosos argallantes recomendarán lecturas, músicas e actividades que se desenvolvan no centro. Este ano intentaremos entrevistar a autores e autoras do ámbito galego, experto/a en banda deseñada de tendas especializadas, e calquera outra personalidade de interese que vaia xurdindo ó longo do curso.
5. **Podcast da Biblioteca e Club de Lectura.** Intimamente ligado co punto anterior no uso da radio, gravaremos un podcast mensual facendo uso da Radio RAS onde contaremos tódalas novidades que teñan lugar tanto no club de lectura como na radio.
6. **XI Maratón de Cine.** O maratón de cine celebrarase na noite do 4/12 ó 5/12. As películas que temos previsto ver, entre outras son: *O Corno*, *Descifrando Enigma*, *El Cuento Número 13*, *El Hijo*, *La Ladrona de Libros*, etc.
7. **Lemos cos nosos maiores.** Pretendemos achegar aos membros do noso club esas lecturas ou historias de tradición oral que entretiñan aos nos avós, avoas ou quizais tamén a algún bisavó ou bisavoa. Ademais, continuaremos ca visita á Residencia de Maiores da Magdalena (As Pontes) onde compartiremos momentos de lectura e lecer cos nosos maiores.
8. **Escape room.** Algúns dos libros escollidos para o club de lectura serán adaptados a unha modalidade de xogo de escape que se organizará na biblioteca. O alumnado participante gañador recibirá un premio.
9. Celebramos o **Día da Paz**. Compoñentes dos Clubs de lectura seguirán sendo mensaxeiros e mensaxeiras da Paz elaboraranse cadros con camisetas en desuso que conteñan un lema ou un microconto que transmita mensaxes cargados de valores.
10. **Día do libro, 23 de abril:** Procuraremos realizar unha saída cultural e a tradicional viaxe, que levamos a cabo todos os anos, a unha cidade relacionada coas nosas lecturas. Este curso, intentaremos volver a saír das nosas fronteiras nunha viaxe de 3 ou 4 días. No momento da realización do presente documento, estanse valorando diferentes opcións e a súa viabilidade por motivos, maioritariamente, de presuposto.
De non ser posible, o Día do Libro celebrarase no IES coa lectura continuada da obra elixida durante o horario lectivo 8:30-14:10h e con diferentes festexos e celebracións.
11. **Obradoiros literarios e faladoiros con escritores/as:** Ánxela Gracián, Rocío Leira e Manuel Núñez Singala prevén visitar a nosa biblioteca e compartir cos nosos argallantes das letras os segredos e as anécdotas das súas obras. As súas obras serán lidas tanto no club de lectura como nas propostas polas diferentes materias.
12. **Obradoiro de banda deseñada** (cómic) impartido polo ilustrador, debuxante e docente, Xosé Tomás ou no seu lugar calquera outro que nos recomende. Tamén

contaremos con algún/ha libreiro/a especializado/a en banda deseñada para darlles ós nosos argallantes unha ampla idea do mundo da banda deseñada e diferentes recomendacións lectoras.

13. Día das Letras galegas. Este curso coñeceremos a Luisa Villalta, autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2024. Faremos diferentes actividades en relación á súa figura como escritora: lerase unha escolma da súa obra e achegarémonos á pegada que deixou na nosa cultura coa elaboración de diferentes soportes materiais.

14. Día de Rosalía. Para o Día de Rosalía imos traballar en conxunto co Departamento de Plástica para elaborar unhas caretas inspiradas en Rosalía e facer logo un recital con diferentes poemas dela usando as mencionadas caretas para a posta en escena.

15. Tod@s contra a violencia de xénero: Participaremos en obradoiros que darán visibilidade e axudarán a empatizar con este gran problema. Logo, elaboraranse relatos, e as persoas que integran o club seleccionarán, de entre os fondos da nosa biblioteca, os relacionados con esta temática. Leranse parágrafos destes xunto cos relatos.

16. Ruta literaria do mar: Se a situación sanitaria o permite, realizaremos as seguintes actividades: 1-Roteiro do mar polas vilas de Rianxo, berce de escritores como Manuel Antonio, Alfonso R. Castelao e Rafael Dieste, Vilanova de Arousa, lugar no que naceu Ramón María del Valle Inclán e o Cambados de Ramón Cabanillas. Completariamos o percorrido coa visita ao Museo do Mar de Rianxo. 2- Roterio por Portomarín onde faremos parte da lectura do Misterio de Portomarín (Antía Yáñez)

17. Medios de difusión. Continuaremos traballando no blog [http://argalladas.blogspot.com/es/](http://argalladas.blogspot.com.es/) como ata o de agora pero, a maiores, utilizaremos novas ferramentas dixitais que consideramos máis chegadas á idade do noso alumnado participante. Para iso, creamos a conta de Instagram @biblio_castrodauz.

Escenario 2 - Non Presencial

- 1. Obradoiros literarios:** Agardamos que algún dos autores mencionados anteriormente compartan con nós por **videoconferencia** os segredos e anécdotas das súas obras, especialmente das lecturas que faremos neste curso.
- 2. Obradoiro de banda deseñada** (cómic) impartido por Xosé Tomás ou algún outro ilustrador, a través dalgunha plataforma dixital.
- 3. Faladoiros con escritores:** Virtuais, tamén a través dalgunha aplicación ou plataforma dixitais.

4. **Entrevista por plataforma institucional** a unha escritora, Yolanda Castaño, Marilar Aleixandre, Olga Novo ou Antonio Reigosa.
5. **Audiolibros** continuaremos a sección de audiolibros no noso blog e gravaranse nas distintas linguas que conviven no noso centro: francés, galego, castelán e inglés.
6. **Día do libro, 23 de abril:** Substitúese a viaxe cultural e lectura continuada do libro por un *bookface* (a arte de fundirse coa portada dun libro).
7. **Día das Letras galegas.** Elaboraranse *booktrailers* sobre as obras de Luísa Villalta, autora á que se lle dedica o 17 de maio.
8. **Ruta literaria.** Tratarase de deseñar a ruta literaria virtual relacionada co Roteiro do mar polas vilas de Rianxo, Cambados e Vilanova de Arousa.
9. Indicóuselle ao alumnado a **tramitación da tarxeta da biblioteca municipal das Pontes** para que nun posible confinamento tivesen acceso á lectura de calquera obra que estea na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

24

COMPOSICIÓN DOS CLUBS DE LECTURA:

Debido ao número de alumnado e profesorado que quixeron participar nesta experiencia decidimos separar os clubs de lectura por cursos e deixar en horario de tarde o club de lectura de adultos.

ARGALLANTES DAS LETRAS I: Narrativa, poesía, teatro e cómic	ARGALLANTES DAS LETRAS II: Narrativa, poesía, teatro e cómic	ARGALLANTES DAS LETRAS III: Narrativa, poesía, teatro e cómic	ARGALLANTES DAS LETRAS IV: Narrativa, poesía, teatro e cómic	ARGALLANTES DAS LETRAS III: Adultos
Coordinadora: Ángela Martínez Fachal (docente)	Coordinadora: Ángela Martínez Fachal (docente)	Coordinadora: Ángela Martínez Fachal (docente)	Coordinadora: Ángela Martínez Fachal (docente)	Coordinador: Juan Iglesias Pereira (docente)
Alumnado: 22 (1º ESO) Reuniranse nun grupo os luns de 15 a 16h quincenalmente.	Alumnado: 25 (2º ESO) Reuniranse nun grupo os luns de 15 a 16h quincenalmente.	Alumnado: 20 (3º ESO) Reuniranse nun grupo os luns de 15 a 16h quincenalmente.	Alumnado: 15 (4º ESO) Reuniranse nun grupo os luns de 15 a 16h quincenalmente.	Alumnado: 6 Reuniranse de forma quincenal os venres pola tarde.
TOTAL ALUMNADO:88				
Profesorado: Cebreiro Fernández, Diego; García Muíño, Elena; González Campos, Lucía; Hernández Ros, Mª Elena; Iglesias Pereira, Juan; López Castro, José Antonio; Martínez Fachal, Ángela; Puente Blanco Ana Belén; Vázquez Díaz, José Ángel; Soto Novo, José Antonio; Vega Ledo, Mª Natalia, Veloso Rodríguez, Ana Belén e Vidal Luaces, José Luís.				

LECTURAS PREVISTAS NARRATIVA, POESÍA e TEATRO:

- *A fiestra valdeira* (teatro-galego) de Rafael Dieste
- *Tres catorce dezaseís* (galego-narrativa) de Rocío Leira
- *O misterio de Portomarín* (galego-narrativa) de Antía Yáñez Rodríguez
- *El joven Poe: el mistero de la calle Morgue* (narrativa-castelán) de Cuca Canals
- *O achado do castro* (galego-teatro) de Manuel Núñez Singala (gustou tanto que repetimos para outro grupo)
- *Makinaria* (galego-poesía) de Carlos Negro
- *Cicuta para dous* (galego-narrativa) de Rocío Leira
- *The Picture of Dorian Grey* (inglés-narrativa) de Oscar Wilde.
- *The Canterville Ghost* (inglés-narrativa) de Oscar Wilde.
- *Las crónicas de Narnia: el león, la bruja y el armario* (castelán-narrativa) de C.S. Lewis.
- *O corazón de Xúpiter* (galego-narrativa) de Leticia Costas.
- *Noite de voraces sombras* (galego-narrativa) de Agustín Fernández Paz.
- *Invisible* (castelán-narrativa) de Eloy Moreno.
- *Un lobo dentro* (castelán-narrativa) de Pedro Mañas.

25

LECTURAS PREVISTAS CÓMIC:

- *El diario de Ana Frank* (castelán) dos ilustradores David Polonsky e Ari Folman.
- *O puño e a letra. Antoloxía en cómic poético* (galego) de Yolanda Castaño
- *María e mais eu* (galego) de Miguel Gallardo
- *El Caminante* (castelán) de Taniguchi Jiro
- Algunha obra de Molly Knox Ostertag
- *Astérix: La fille de Vercingétorix* (francés) de Ferri Jean- Yves
- A serie *Blacksad. Álbum II* (castelán) de Díaz Canales & Guarnido
- *Corazones Rollizos* (castelán) de Jean Paul Krassinsky
- *Aya de Yopougo* (castelán) de Marguerite Abouet / Clément Oubrerie
- *Luzbell* (galego) do ilustrador Xosé Tomás
- *Uxío* de Martín Romero (galego)
- *Heartstopper* (inglés) de Alice Oseman, hai tamén unha serie de TV baseada na webcómic.
- *Engurras* (galego) de Paco Roca.

LECTURAS PREVISTAS ADULTOS:

- *El Sabueso de los Baskerville* (castelán) de Arthur Conan Doyle.
- *Golpes de Luz* (galego-narrativa) de Leticia Costas.
- *A afogada* (galego-narrativa) de Rocío Leira.

Os títulos propostos poden variar atendendo ás demandas e á situación que vaia xurdindo ao longo do curso. Ademais, nas diferentes conmemoracións mensuais, poderemos ler fragmentos doutros autores, autoras/obras que non foran mencionados/as entre os/as anteriores.

13. Plan de integración das TIC.

No curso 2021-2022 elaborouse o plan Dixital do centro. Neste curso 2023-2024 toca continuar coa súa revisión e implementación. No seguinte enlace pódese acceder ao seu contido.

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=15021767>

14. Decreto 79/2010 de Plurilingüismo.

Addenda do proxecto lingüístico (art. 14.4). Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega.

Enviase un arquivo adxunto titulado
Addenda ao Proxecto lingüístico.pdf

15. Plan Proxecta. Proxecto coas actividades levadas a cabo dentro dos programas do Plan Proxecta.

No curso 2023-2024 participamos na convocatoria do Plan Proxecta coas seguintes liñas:

- 01. Nutriescolas
- 11. Por 365 días de respecto e igualdade
- 28. Parlamento Xove
- 31. Correspondentes xuvenís
- 33. Pasaporte solidario

O proxecto de cada actividade está dispoñible na aplicación “ProgramasEducativos”. A continuación amosase unha relación das actividades que se desenvolven en cada programa:

Programa	Actividade
01. Nutriescolas	Melloramos a nosa saúde coñecendo, valorando e empregando a DIETA ATLÁNTICA
11. Por 365 días de respecto e igualdade	Igualdade no Castro da Uz
28. Parlamento Xove	Grupo de debate
31. Correspondentes xuvenís	Empoderando á mocidade: Castro da Uz Activa
33. Pasaporte solidario	O "Castro" solidario.

27

16. Programa PROA+

Neste curso 2023-2024 continuamos a participar na convocatoria da Resolución do 14 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establecen as bases da convocatoria dos Contratos-Programa Recupera-T no marco do Plan Recupera.

A selección do alumnado foi feita polo equipo docente de cada curso en coordinación co equipo directivo e coa persoa responsable do departamento de orientación.

Incorporarase unha praza a media xornada co seguinte perfil:

- PROA+: Mestre – especialidade 597060-Pedagogía Terapéutica.

Para a avaliación do programa terase en conta os indicadores establecidos no proxecto feito na aplicación “Programas Educativos”.

17. Contratos-programa CPInlúe

O centro participa na convocatoria dos Contratos-programa Inlúe (CPInlúe) 2023-2024, regulados pola Resolución do 12 de xuño de 2023. Solicitouse a seguinte actuación: **CONVIVE-T**

18. Contratos-programa CPInnova

O centro participa na convocatoria dos Contratos-programa Innova (CPInnova) 2023-2024, regulados pola Resolución do 22 de xuño de 2023. Solicitáronse as seguintes actuacións:

- O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente. (EDUinnova)
- O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables (EDUsaúde)
- O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). (EDUsostibilidade)

28

19. Cursos de Capacitación Dixital

Contamos cunha aula de capacitación dixital en centros públicos que imparten educación de persoas adultas, integrada na Rede Galega de Educación Dixital na Comunidade Autónoma de Galicia (*Resolución do 2-6-2023 da Dirección Xeral de FP pola que se establecen aulas de capacitación dixital en centros educativos*).

Impartiranse cursos de 30 horas para a formación da cidadanía en competencias dixitais transversais necesarias para desenvolverse de forma cotiá en servizos esenciais, tales como a banca, acceso ás administracións públicas, solicitude de citas telemáticas, etc.

Está programado un curso para impartir do 10 de outubro ao 3 de novembro con 15 asistentes.

Ao longo do ano académico 2023-2024 programaranse máis cursos deste tipo.

20. Emprendemento

O emprendemento é unha das apostas do centro para todo o alumnado, pero principalmente o que cursa ciclos formativos.

Así, continuaremos a participar nas seguintes convocatorias do programa Eduemprende-Atrévete:

- Como centro acolledor de alumnado no programa "Actividade de fomento do emprendemento para Educación Primaria".
- Como centro participante no programa "Actividade de fomento do emprendemento para Educación Secundaria".

Participaremos tamén nas seguintes convocatorias:

- Programa Eduemprende-Actúa
- Programa Eduemprende-EduTecEmprende

No curso 2023-2024 púxose en marcha a aula de emprendemento na FP para que o alumnado conte cun espazo para:

- a) Fomentar a creatividade e innovación e ser quen de xerar proxectos ou prototipos de ideas afíns aos sectores profesionais seguintes relacionados cos ciclos formativos que se imparten no centro.
- b) Mellorar as súas opcións profesionais mediante a adquisición de competencias persoais, sociais e de comunicación transversais (soft-skills).
- c) Recibir asesoramento específico para o deseño do plan de negocio e posta en marcha das ideas emprendedoras.
- d) De ser o caso, crear microempresas ou encauzar o camiño emprendedor cara a outros axentes máis acordes á finalidade buscada.

29

Co alumnado de FP, dentro do programa da Aula de Emprendemento, participaremos na convocatoria Innovatech FP.

Co alumnado de 4º de ESO participaremos nun programa de emprendemento da Asociación de Empresarios Seara de As Pontes denominado PROEMS.

21. Proxecto Plurilingüe

Dende o curso 2017-2018 o centro é plurilingüe o que implica que en todos os cursos da ESO se imparte unha materia non lingüística en lingua inglesa. Neste curso 2023-2024 van ser:

- 1º ESO: Educación Plástica Visual e Audiovisual.
- 2º ESO: Física e Química.
- 3º ESO: Educación Plástica Visual e Audiovisual.
- 4º ESO: Expresión Artística e Dixitalización

Segundo establece a disposición adicional primeira da *Resolución do 19 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola se regulan as ensinanzas de formación profesional plurilingües para o curso 2023-2024 no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia*, os ciclos que se inicien no curso 2023-2024 na modalidade de FP dual en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades incluírán a formación

necesaria para teren a consideración de plurilingües. En base ao anterior impártese un módulo de Lingua estranxeira profesional I – Inglés nos seguintes ciclos duales:

- CM Soldadura e Caldeiraría
- CS Mecatrónica industrial

Participamos tamén na convocatoria “Acreditación alumnado LE centros públicos”, na que alumnado de 4ºESO e ciclos formativos vai presentarse ás probas de certificación dos niveis B1, B2 e C1 de inglés, coa empresa certificadora Trinity.

Por último participamos nas seguintes convocatorias:

- Digital Week, con 4º ESO do 10 ao 16 de decembro de 2023.
- Spring Week, pendente de publicarse a convocatoria.

30

22. Proxecto Edixgal

O curso 2021-2022 implantouse o proxecto Edixgal no centro en 1º ESO. Neste curso 2023-2024 está usándose en 1º, 2º e 3º ESO.

23. Prácticum correspondente ao Máster en Profesorado

O 9-10-2013 aprobouse, en claustro e consello escolar, ser centro de prácticas do alumnado do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional. A persoa coordinadora é José Antonio López Castro. Para o curso 2023-2024 hai 5 profesores e profesoras apuntados como voluntarios/as para titorizar ao alumnado.

Este curso académico continuamos coa participación na convocatoria para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao curso de especialización en formación pedagóxica e didáctica do profesorado técnico en formación profesional, na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2023/24. A persoa coordinadora é José Antonio López Castro. Para o curso 2023-2024 hai 5 profesores/as apuntados/as como voluntarios/as para ser titores/as.

24. Días solicitados polo Consello Escolar como non lectivos para o curso 2023-2024.

En sesión extraordinaria celebrada o 8 de setembro de 2023 acordouse coller como días non lectivos:

- Venres 13 de outubro de 2023.
- Luns 20 de maio de 2024.

31

25. Concreción anual do plan de traballo de benestar en convivencia para o curso 2023-2024

OBXETIVOS DO PLAN:

Obxectivo 1: Promover a participación das familias en colaboración coa ANPA, departamento de orientación e o equipo directivo para fomentar as boas prácticas dentro do centro escolar realizando cando menos unha acción formativa como mínimo ao longo do curso.

Concreción anual: Charla-obrairo para as familias do alumnado de ESO e FP Básica na que se lles faga chegar as boas prácticas que todo o alumnado debería realizar/fomentar para facilitar unha boa convivencia. Neste curso académico enfocadas ao non uso do móbil dentro do centro, expoñendo ás familias os perigos que supón o uso do móbil (redes sociais, "fotos non consentidas", acoso/insultos a través de grupos de wasap,...).

Indicador de logro: A implicación de polo menos o 30% das familias.

Obxectivo 2 : Promover a cordialidade dentro da comunidade educativa, involucrando a todo o alumnado, profesorado e persoal non docente en coordinación co equipo de orientación, equipo directivo e a involucración das persoas titoras. Tentarase involucrar a toda a comunidade educativa para intentar que as malas accións que se podan ver no alumnado sexan corrixidas por calquera persoa da comunidade educativa, pero de boas formas, e dicir, en vez de botarlle unha bronca cando se vexa que o alumnado está a facer algo malo, conversar con él aparte, para que intente recapacitar sobre o que está a realizar, e que sexa él mesmo o que se dea conta do que está a facer.

Concreción anual: Charla/coloquio informativo (pódese empregar un claustro para o profesorado e para o persoal non docente algunha reunión extraordinaria) para expoñer a todo o persoal a idea, e intentar que todos participen.

Indicador de logro: A implicación de polo menos o 50% da comunidade educativa ao longo deste curso académico, e ir incrementando esta porcentaxe ao longo dos cursos seguintes.

26. Procedemento de aprobación da PXA:

1. O equipo directivo redacta a PXA.
2. Infórmase ao claustro de profesorado para que este presenta propostas de modificación e mellora.
3. Sométese á consideración do Consello Escolar, para á súa aprobación.
4. Envíase á Inspección educativa.

32

27. Procedemento de avaliación da programación xeral anual:

- a. Avaliación permanente polo claustro de profesorado, Consello Escolar e CCP:
 - Grao de cumprimento dos obxectivos propostos.
 - Resultados das avaliacións.
 - Número e calidade didáctica de actividades complementarias e extraescolares propostas e realizadas.
 - Actividades de formación realizadas polo profesorado (cantidade e utilidade).
 - Grao de conflictividade xerada polo alumnado.
 - Idoneidade das empresas que acollen alumnado de FCT e FP Dual.
 - Alumnado que logra traballo despois de realizar a FCT e rematar a FP Dual.
- b. Memoria de final de curso:
 - Departamentos didácticos.
 - Memoria final do equipo directivo.
 - Memoria final do observatorio da convivencia escolar.